

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV N.º 128

TEMA

## Unha nova política de formación permanente

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



A cuestión da formación permanente do profesorado foi, ata o momento unha das asignaturas pendentes da Administración educativa autónoma. Cando noutras comunidades e no territorio M.E.C. xurdiron esperanzadores modelos (que na posta en funcionamento non cumpriron as expectativas previstas), como os Centros de Profesores, ou os Centros de Recursos Pedagóxicos (de Cataluña), en Galicia e de boca dos responsables da Consellería díciase que non se seguirían políticas miméticas, que se iría a modiño e con prudencia, para levar adiante un proxecto "diferente" a partir dos creados Centros de Recursos. Coa recente aparición dun Decreto que regula a formación permanente do profesorado reafirmase esta iniciativa.

### OS CENTROS DE RECURSO

Os Centros de Recursos foron creados por Orde de 28 de Xaneiro de 1985, en número de 31 e espallados por toda Galicia. Despois dun primeiro semestre de funcionamento, no que os profesores a eles adscritos foron meros notarios dunha dotación de material, considerada absurda e inoperante pola maior parte dos profesores, prometeuse, no verán pasado, unha reorientación de xeito que asumisen certas competencias en materia de formación do profesorado.

A experiencia de funcionamento destes centros, durante o curso pasado 85-86, foi moi desigual e en xeral abondo frustrante. As actividades formativas circunscíbíronse, na súa gran maioría, a organizaren diversos cursiños de carácter trimestral, de desemellante calidade e temática, que dependían moito do entusiasmo renovador do profesor encargado do Centro de recursos, mási ou menos preocupado, en contentar ao Inspector Xefe de cada provincia (do que dependían), e en satisfacer as necesidades formativas do profesorado da súa zona. Xusto é dicir que non había tampouco

unha homoxeneidade a nivel interprovincial, sendo as veces as orientacións dunha a outra provincia diferentes. Comprouse que se dotou a estes centros dun valioso equipamento de medios audiovisuais (fundamentalmente de vídeo), en xeral, aínda pouco utilizado.

Co novo curso que agora comenza, e cun novo Decreto, do que se proporciona cumprida información nesta mesma sección, propónse unha nova reorientación destes Centros (non esquezamos aquilo de "a modiño e con prudencia") que cada vez máis parecen constituírse nese modelo propio e "axeitado ás peculiaridades da nosa Comunidade" (sic) que as autoridades da Administración educativa galega veñen promentendo.

### O DECRETO

A hora de analiza-lo modelo proposto no Decreto, sempre baseado na estrutura creada de Centros de Recursos, o primeiro que habería que suliñar é que é "propio", pero menos. A nivel da formulación das súas funcións (art. 1) podemos comproba-lo grao de semellanza coas asignadas polo Departamento de Ensino da Generalitat aos seus Centros de Recursos Pedagóxicos (remitimos ós nosos lectores ao nº 1 da Revista Galega de Educación onde se aborda o tema). Coidamos que dalgún xeito tamén se recollen algunhas das ideas eixos dos Centros de Profesores (modelo M.E.C.), pero con significativas diferencias. Recóllese a idea de que os Centros de Recursos se constituían en lugares de comunicación e intercambio de ideas e experiencias pedagóxicas; que dispoñen de medios de documentación e asesoría aos docentes en materia de formación; que tentan favorecer a creación de equipos e seminarios por áreas científicas e ou niveles educativos, facilitando a conexión interdisciplinar e interniveis (ata o momento os C.R. acollían só o ensino preescolar e básico).

## Regúlase a formación permanente do profesorado non universitario

M.B.R.

Polo decreto 198/1986, de 12 de xuño, publicado no D.O.G. de data 3 de xullo de 1986, regúlase a formación permanente do profesorado non universitario no ámbito da Comunidad Autónoma Galega.

Por este decreto reorganizáronse os actuais Centros de Recursos que, en número de 31, foran creados por orde do 28 de xaneiro de 1985. A consellería pretende "amais da súa misión de concentraren medios didácticos, reforzar-lo carácter dos Centros de Recursos como lugar de encontro e intercambio de experiencias, de información e de apoio técnico naqueles campos nos que, na maioría dos casos, o profesorado non tivo no seu día unha formación específica suficiente".

No decreto especificáronse, polo miúdo, as funcións que a partir do curso que comeza 1986-87 terán os Centros de Recursos:

Concentrar recursos humanos, materiais e de carácter informativo, ofrecendolles ós centros educativos un servizo permanente e organizado de documentación, información e medios materiais e bibliográficos relacionados coa actividade docente e o perfeccionamento do profesorado.

Servir de canle de comunicación entre a Administración e o profesorado en materia de formación permanente, amais de constituírse en centro de información, para o que se creará un fichero ó efecto, sobre experiencias, cursiños, axudas e congresos de interese para o profesorado.

Servir de lugares de encontro e intercambio de experiencias entre o profesorado de Preescolar, EXB, BUP, FP Escolas de Artes e Oficios e no seu día, conservatorios, tanto de centros públicos coma privados.

Potencia-lo coñecemento e a utilización efectiva de materiais e recursos técnicos, do propio centro coma das escolas.

Potencia-la adecuación dos programas ó entorno e a elaboración de documentos de apoio para o efecto.

Contribuír á desconcentración de servizos e á creación dunha infraestrutura comarcal de apoio á educación.

Servir de apoio a iniciativas xa recoñecidas (Preescolar na Casa, Xogos Escolares...).

Promover e apoiar-lo labor de seminarios permanentes e equipos de traballo. Promove-lo encontro e a colaboración do profesorado en todos os niveis.

Colaborar na organización de actividades de formación permanente e no diagnóstico de necesidades de perfeccionamento máis urxentes.

Para cumprir estas funcións cada centro de recursos contará polo menos con tres profesores, nomeados en comisión de servizos, dos que alomenos un terá que ser de Ensino Medio e outro posuír-la especialidade de galego. No decreto especificábase que só poderán solicitar estas prazas os funcionarios que xa exerceron, polo menos durante catro cursos completos, en centros de ensino non universitario.

Un destes profesores será nomeado coordinador do Centros de Recursos. Un será responsable da área de innovación, investigación e coñecemento do entorno. Outro da área de medios audiovisuais, documentación e información. E o outro de actividades por áreas de coñecemento e especialidades concretas.

En cada un dos centros constituírse unha Comisión Técnica presidida por un membro do Servizo de Inspección, e da que tamén formarán parte: un representante dos servizos centrais de perfeccionamento da consellería, un membro dun equipo psicopedagóxico, dous directores de centros de EXB, e un de cada un dos restantes niveis educativos existentes na zona, amais dos tres profesores responsables do centro, actuando como secretario ou coordinador do centro.

Aparecen como funcións e competencias desta Comisión Técnica:

Coordenar e xestionar-lo apoios permanentes.

Proporcionar outros apoios.

Estimular-la participación do profesorado nas actividades do centro e a creación de seminarios permanentes e equipos de traballo.

Canalizar información en relación con estas actividades.

Emitir informe sobre as propostas de cursos para realizar na zona que, a petición do profesorado, se elevará á comisión técnica central.

Disponse no decreto que o apoio técnico ós Centros de Recursos será proporcionado por organismos creados para este efecto nos servizos centrais, así como polos Equipos Psicopedagóxicos, Gabinetes de Orientación de Ensino Medio e, no seu caso, por especialistas en audición, linguaxe, psicomotricidade, música...

O apoio científico ós Centros de Recursos preténdese que non quede desvinculado da Universidade nin da formación inicial, correspondéndolles ós departamentos universitarios, cos que se arbitrará a fórmula adecuada, mediante convenio, que contemplará especificamente o concurso das escolas universitarias de formación do profesorado e, no seu caso, do Instituto de Ciencias da Educación.

Para coordinar todo este sistema de formación e perfeccionamento créase, baixo a dependencia directa do conselleiro, o Gabinete de Formación Permanente do profesorado.

Dependendo do citado Gabinete, existirá unha comisión asesora formada por representantes de órganos e entidades como: todas as Direccións Xerais da Consellería, Facultade de Ciencias da Educación, ICE, Escolas de Formación do profesorado, Inspección Técnica de Ensino, M.R.P., Sindicatos de Ensinantes, Centros de Recursos.

## TEMA

# Unha nova política de formación do profesorado

Ven da páxina 93

Non deixamos de recoñecer que a música da canción foise collendo. E non só no que vimos apuntando. Senón, comprobémolo. Recoñécese que o interese do profesorado polo seu propio perfeccionamento non foi superado en ningún campo da Administración, "nin sempre atopou nesta o eco conveniente", quizais apunta aos máis de dez anos de traballo dos profesores preocupados pola renovación en Galicia? Recoñécese tamén que o profesorado é "o protagonista fundamental da súa propia formación", pena é que o profesorado non participase ata o momento no deseño e organización desta. Atinadamente apúntase que a formación en exercicio tamén interesa aos responsables da formación inicial (Escolas Universitarias e Facultades), como á propia Administración; os M.R.P.S. desde o Congreso de Barcelona veñen reclamando das Administracións educativas que estas proporcionen unha formación permanente básica axeitada. Suliñase que a formación deberá ser global, non a desvincellando do que facer cotián dos docentes, e orientada cara a unha continua actualización na aplicación de novos recursos didácticos e tecnolóxicos, a unha atención individualizada aos alumnos con dificultades, e a unha divulgación da experimentación científica de carácter educativo... Aofé que a música renovadora colleuse, e mesmo parece que ten marcha.

Esta formulación da Consellería debe contemplar, segundo o Decreto, tres niveis de actuación: o nivel de intercomunicación docente e intercambio de experiencias (que se dará nos Centros de Recursos); o de apoio científico e técnico (proporcionado por uns servizos creados ao efecto polos servizos centrais da Consellería, polos Equipos Psicopedagóxicos e polo Gabinete de Orientación de EE. MM. polos Departamentos Universitarios, e, no seu caso, polo ICE); e o nivel da Administración educativa (coa creación do chamado **Gabinete de Formación Permanente do Profesorado**, que curiosamente dependerá directamente do Conselleiro, e dunha **Comisión Asesora**, na que participarán diversas instancias da Administración, Universidade, Inspección, amais do M.R.P. e dos Sindicatos de ensinantes.

## ALGUNS INTERROGANTES

A mosa preocupación está, non na música renovadora que estas formulacións suxiren, senón nos interrogantes que se abren a partir dela, fundamentalmente os referidos á xestión e funcionamento do modelo proposto.

¿Cómo van participa-los profesores na xestión de cada C.R.? Se son os verdadeiros protagonistas da súa formación, ¿como farán chega-las súas iniciativas e necesidades? (parécenos abondo vertical que a canle prevista sexa unha chamada **Comisión Técnica**, formada por un membro dos servizos da Inspección, directores e membros do C.R.). Sabemos, que se queremos pular por un intercambio de experiencias de carácter horizontal, é moi importante asegura-la autonomía de cada centro, e formenta-la participación directa dos profesores a el collidos. O Decreto non establece forma algunha de participación dos profesores na xestión e orientación de cada C.R. Alér do seu carácter antidemocrático, isto pode supoñer un alonxamento e un desinterese do profesorado respecto das iniciativas do C.R., que unha vez máis poden converterse nun organismo inerte e sin vivacidade.

¿Qué relación van ter estes centros cos plans de reforma das ensinanzas que está levando a Administración Educativa (ciclo superior, ensino medio) e outros pro-



gramas de innovación e perfeccionamento (cursos de galego, proxecto Abrente de informática, introducción da imaxe

na escola). ¿Vai existir un plan anual de actividades en cada C.R. (coas súas prioridades, presuposto), ou vaise deixar á

improvisación e ás presas de última hora, como aconteceu ata o momento?

Cando se fala da creación "dunha infraestrutura comarcal de apoio á educación" non se aborda explicitamente a organización dos recursos de apoio, ¿os equipos psicopedagóxicos quedarían integrados nos C.R. ou só proporcionar "apoyo técnico"? ¿Como se van integra-las "iniciativas xa recoñecidas" (Preescolar na casa...) na estrutura dos C.R.? ¿o programa de compensatoria?

¿Os C.R. vanse constituir nun lugar onde se dispoña de medios de reprografía, imprescindibles sobre todo para os centros de menos de oito unidades do medio rural?

Ainda que se fala de "concentrar información e medios materiais e bibliográficos relacionados coa actividade docente", ¿vai existir nestes centros unha biblioteca pedagóxica axeitada, imprescindible para un traballo de calidade dos seminarios e equipos de traballo?

Dicese que se vai apoia-lo labor dos equipos de traballo, ¿contarán con medios para facelo, con dotación económica para mercar materiais...? ¿Os programas de formación estarán deseñados en función das necesidades dos grupos, ou se seguirán a organizar cursiños masivos, onde se avalía só a asistencia de cara a conseguilo diploma?

O propio Decreto esquece a posibilidade de colaboración cos concellos, que están dando mostras dun maior interese pola formación do profesorado. Mesmo non se menciona na Comisión Asesora á Coordinadora Galega de Concellos/Educación que ata o momento está tendo un importante papel de dinamización educativa. O mesmo poderíamos dicir dos movementos de renovación pedagóxica...

A selección do profesorado que traballará nos C.R. e no Gabinete de Formación do Profesorado queda para unha disposición posterior. Só apúntase o criterio da súa experiencia docente de al menos catro cursos (¿por que non tres ou cinco), e da necesidade dun especialista de galego e un profesor de ensino medio. Estimamos que a selección deste persoal vai ser decisiva para o futuro deste proxecto; ¿vaise prima-la experiencia en grupos de traballo, participación en Escolas de Verán, publicacións no ámbito da renovación e galeguización do ensino?

## REMATE

Consideramos que este Decreto pola formulación renovadora dos seus aspectos introductorios pode supoñer un certo pulo ao perfeccionamento docente, mais tamén nos deixa inquedo e expectantes sobre a resolución final dos interrogantes que temos plantexado. Se non se establecen formas de xestión e participación dos profesores nos C.R. dificilmente poderán cumprirse as funcións para os que teóricamente foron creados. Se non se establece unha selección do persoal transparente e na que se valore, ademais da experiencia docente, o traballo na renovación e galeguización educativa moi improbable será que os C.R. se constitúan nese lugar de comunicación e intercambio de experiencias pedagóxicas. Se non se establecen mecanismos de intercomunicación con outras instancias (Concellos, M.R.P.S.) que veñen desenrolando, dende hai anos, un intenso traballo no perfeccionamento e renovación do profesorado, vai ser difícil que se aproveiten tódolos recursos de forma axeitada.

A Consellería ten un novo reto, o profesorado, unha vez máis, queda á expectativa.

## Informe do MEC sobre a Formación Permanente do Profesorado de Básica e Secundaria (1983-86)

M.B.

A "Subdirección General de Perfeccionamiento del Profesorado" do MEC remata de publicar un informe, en forma de decálogo, que revela os plans previstos polo Ministerio en materia de perfeccionamento para a presente lexislatura (que non afectarán á Comunidade Autónoma Galega, por ter competencias exclusivas nesta materia). Sinalamos algúns dos aspectos do informe de maior interese.

O informe reconece que a formación dos profesores "presenta serias deficiencias en moitos sectores do ensino". Destaca que segundo unha enquisa, realizada no mes de abril entre profesores do territorio MEC, que son poucos os profesores que se consideran preparados para traballaren en preescolar e ciclo inicial, así como nas áreas de tecnoloxía, pretecnoloxía, educación física e artística; así como en sectores educativos como a educación de adultos e de nenos deficientes.

En canto á conexión entre formación permanente e carreira docente o informe sinala que si se pretende potencia-la profesionalización "comprirá tamén crealas condicións que estimulen a superación do voluntarismo".

O tema de avaliación ocupa boa parte do informe. Sinala que os profesores deberán supera-la resistencia a seren avaliados. "Cómpre crea-la conciencia de que a avaliación non é un simple xuício que consagra ou descalifica ao profesor". Neste sentido suxírese a necesidade de crea-la figura do avaliador externo, que terá por función controlar e contrasta-las experiencias de innovación cando estas vaian encamiñadas a súa xeralización.

O informe subraia a necesidade de contar con criterios comúns que permitan a avaliación global da rede de CEPs, creados polo MEC. Cita algúns dos factores que haberán de aplicarse, tales como o equilibrio entre as distintas actividades de formación e o desenrolo de investigacións de utilidade inmediata. Suxírese a articulación entre a reciclaxe científica e a actualización pedagóxica; a promoción de traballos conxuntos entre profesores de distintos niveis e modalidades de ensino, como a integración no medio local.

O cansancio e as obrigas familiares son as obxeccións que os docentes adoitan facer diante do tema do perfeccionamento. O informe reconece que estes motivos deben ser contemplados, e proporcionar elementos para superalos.

Recoñécese tamén que a nova política de perfeccionamento non debe descansar nunha política de cursiños, "porque en último termo a maior debilidade desta inxente cantidade de actividades estriba en que non teñen que ver coas que os profesores desenrolaron anteriormente e coas que podían desenrolar no futuro". Tamén será necesario muda-lo papel que veñen desempeñando os expertos, que moitas veces descoñecen os problemas educativos locais. "Os profesores adoitan preferir a participación en actividades impartidas por profesores con experiencia docente".

A hora de programar novas actividades debe contarse coas necesidades e prioridades que expresen os propios docentes. Na enquisa realizada os profesores dan preferencia aos temas psicopedagóxicos, o que supón para os autores do informe "un interese-dos docentes-polas melloira da práctica inmediata". Mais isto non debe supor que o perfeccionamento se disocie da formación científica e psicopedagóxica, xa que se deben proporcionar fundamentos teóricos susceptibles de seren aplicados ou cuestionados na práctica, "doutro xeito se reproduciría a clásica división do traballo entre a execución e a dirección intelectual, na que o profesorado fica desqualificado fronte aos "expertos".

FALANDO

Dous modos de entenderen a relación prensa e escola

## “Actualquarto” e “Le Soir”

Durante o pasado mes de xullo, e organizado pola Universidade Menéndez y Pelayo, desenrolouse no Pazo de Mariñán un interesante curso sobre Prensa Didáctica, coordinado polos compañeiros do suplemento “Padres y Maestros” de “La Voz de Galicia”. A ese curso foron invitados representantes dos numerosos xornais que en toda España contan cun suplemento de educación, entre eles A Pizarra. Ademais expuxeron as súas experiencias invitados de Francia Bélxica e Canadá.

A PIZARRA non lle foi posible manter una entrevista co invitado francés. Si en cambio poidemos conversar con Alain Vaessen, xornalista que traballa en Bélxica na revista “Actualquarto”, unha publicación dirixida a xóvenes escolares dos 12 aos 18 anos, e con Rose Marie Haché, responsable do servicio educativo do xornal de Quebec “Le Soleil”.

Trátase de dous modos de afronta-la relación entre prensa e escola, moi deseme-llantes entre si, pero que xustamente na súa deseme-llanza aportan perspectivas ambas-las-dúas de indubidable inter-és.

No caso de “Actualquarto” trátase dunha publicación especificamente concebida para ás escolas, que non ten difusión en librerías ou quioscos, como calquer outro xornal, senón que é enviado directamente aos treinta mil suscriptores cos que conta, entre eles uns dous mil profesores.


En canto a “Le Soleil”, exprícanos Rose Marie: “os ensinantes poden recibirlo xornal solicitándoo por teléfono e nós lles remitimos directamente á escola o exemplar que desexen ter, na mesma mañán. Non están obrigados a se suscribir. Esos exemplares véndense a media tarifa. Publicamos tamén uns documentos complementarios que unhas veces van incluídos no xornal, e outras son vendidos aparte”.

Preguntamos a Alain Vaessen se non hai un certo risco de paternalismo na elaboración dun material especificamente para escolares, en lugar de propola lectura directa dos xornais por parte deles.

“Este é un problema moi importante –recoñecemos–, sobre o que “Actualquarto” ten reflexionado moito. Pero hai unha dificultade certa de introducir calquer xornal na clase, incluídas as dificultades de manipulación. “Actualquarto” escolleu un formato máis pequeno, pero reproduce os mesmos artigos que se atopan en calquer xornal, sen recompoñelos, respetando os mesmos caracteres”.

¿Entón o voso traballo consiste en facer unha selección de artigos? preguntamos de novo.

“A idea de que parte o noso traballo é darlle ao xoven o medio de comprendela actualidade que el ve na televisión, le no xornal e escoita na radio. O xornal dalle “anacos” de actualidade, sen lle explicar como se chegou ali ou como obra en consecuencia. Iso é o que nós lle proporcionamos mediante a realización dunha revista de prensa, onde seleccionamos arti-



gos de diferentes xornais, desde xornais comunistas ata xornais fascistas. Intentamos presentarlle os diferentes aspectos, porque, por decilo así, non abonda con saír nun xornal para que unha cousa sexa verdade. Un xornal contará a cousa así e outro de outro modo. Os xóvenes lerán os dous, compararán entre eles e reflexionarán”.

A concepción de “Le Soleil” é moi diferente:

“Nós non tocamos en absoluto o texto do xornal. Nós utilizamos directamente o texto do xornal tal como é, sen que os xornalistas cambien nada a súa maneira de escribir. Os xóvenes deben traballar no xornal na súa linguaxe habitual. Hai unha excepción: unha vez ao mes “le Soleil” reserva unha páxina destinada aos xóvenes. Nesta páxina, organizada xeralmente por un xornalista, os xóvenes teñen a posibilidade de escribir e facer publica integramente un texto no interior do xornal. O que nós facemos é publicar certos documentos –“guías do mestre”– sobre os que non é o xoven quen traballa, senón o profesor, que utiliza as actividades propostas con pistas para le-lo xornal”.

Non obstante, nos dous casos coincide en prima-lo traballo sobre os aspectos informativos da prensa, fronte a outras posibles concepcións da prensa didáctica nas que se busca máis a formación en contidos culturais, literarios, científicos.

“O obxectivo primeiro en “Actualquarto” –e unha vez máis Alain quen fala– é explicar, da-lo mecanismo da información, e ao tempo facer ver como funciona a prensa, que é un xornal. Por outra banda, nos reenviamos tamén a literatura: hai sempre unha sección en “Actualquarto” que reenvía a obras, a li-

bro sobre o tema. A veces é literatura clásica, outras son obras de vulgarización científica. Pero a nosa función primeira é desmontar, explica-la información”.

“O noso é un xornal moi informativo –explicanos Rose Marie–. Sexa cal sexa o punto de vista desde o que se faga a reportaxe, sexa desde o lado das noticias de actualidade, sexa do dos espectáculos ou dos temas deportivos, sempre facemos un tratamento informativo; non facemos un xornal de documentación literaria, esa non é a vocación do xornal. O xornal non é un libro que trata dun determinado tema, hai unha multitude de temas. Será o profesor quen se encargue de profundizar nos temas que se están a traballar, recomendando traballar un texto ou dirixindo aos alumnos cara outros textos usados na escola para profundizar nas cuestións recollidas no xornal. Pero isto xa non forma parte do traballo que nós facemos no xornal”.

Sen embargo, significativamente tamén nos dous casos o grupo de redactores está formado maioritariamente por educadores:

“Actualquarto” comenzo en 1972. Hasta 1983 –durante 11 anos– non houbo máis ca ensinantes, profesores, exclusivamente –explicanos Alain–. En 1983 fai catro anos, véuse a necesidade de comprometer a algún especialista da información, e engadiuse un xornalista, aínda que o equipo está formado por un xornalista só máis seis ensinantes. Hai, xa que logo, un equipo de pedagogos, diante de todo de pedagogos”.

“Nos documentos que nós facemos –intervén Rose Marie– hai sempre un especialista da información, non necesariamente un xornalista. Hai xornalistas que teñen colaborado no que levamos feito: por exemplo, a nosa primeira “guía do mestre” foi feita por un xornalista. Pero sobre todo hay profesores entre nós. Hai

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

unha persoa que se ocupa da asociación dos diarios de Quebec –o servicio educativo de “Le Soleil” forma parte dun movemento asociativo a nivel de Quebec, con relación tamén cunha asociación a nivel de todo Canadá, que se propón utiliza-la prensa co recurso pedagógico no medio escolar–, esta persoa é Françoise Nodel, quen se ocupa da redacción dos documentos e traballa sempre con profesores. Hai profesores que formamos parte da redacción, e hai tamén unha serie de profesores que traballan directamente no medio escolar, cuxa función é terminar definitivamente o traballo cos documentos que nos estamos a escribir”.

Só no caso da revista belga hai unha pequena axuda económica por parte de institucións oficiais:

“Nós non recibimos axuda económica nin da prensa, nin do goberno –precisa Alain–. Pero dous ensinantes –os dous fundadores de “Actualquarto”– poieron abandonar-las clases para se consagrar exclusivamente a “Actualquarto”, mentres o Ministerio de Educación continúa a pagarlle-los salarios. E unha forma de subsidio, posto que temos dous salarios asegurados polo Ministerio de Educación. Pero esa é a única forma de subsidio. Non recibimos ningunha outra cantidade de diñeiro, e son as suscripcións as que nos permiten funcionar”.

“Nos non estamos subvencionados en absoluto –engade pola súa banda Rose Marie–. E o xornal e a asociación dos diarios de Quebec, que ten unha cotización por ano, quen paga todo. O Goberno non da nada, e a escola non da absolutamente nada fóra dos exemplares que compra”.

Rematamo-la nosa conversa solicitándolles a súa opinión sobre a situación da prensa didáctica en España, a xuzgar polo que poideron comprobar durante a súa estancia no noso país.

“Evidentemente debido ao noso descoñecemento da lingua –discúlpase Alain– non temos comprendido moitas das intervencións. Pero a miña impresión moi xeral, e moi desde o exterior, é que hai moitas iniciativas pero moi pouca coordinación. Fanse moitas cousas –unhas feitas por xornalistas, xornais que fan os mesmos xóvenes, experiencias de introducción do xornal na escola, publicacións como “Padres y Maestros”–... hai moitas cousas en España, pero eu teño a impresión de que non hai un obxectivo preciso, nin unha coordinación entre todos. Coido que encontros como estes van axudar nese sentido. Pero eu teño a impresión de que os mesmos profesores non saben moi ben que obxectivos seguir, e para que pode servir...”.

“Teño exactamente a mesma impresión ca el –asinte Rose Marie–. Como a Alain, paréceme que os profesores aquí teñen unha vontade de facer algo, están convencidos da necesidade da prensa na escola. O que falta por saber é de que maneira se pde organizar isto de xeito que sexa accesible para todo o mundo, que sexa eficaz para tódolos profesores que queiran utilizalo, e que sexa rentable, senón será deficitario e, como de costume, resultará dramático para todos”.

MAXISTERICO

PEPE CARREIRO

AO XOSÉ CASTIGÁRONO NA CASA POR IR A ESCOLA CANDO NON DEBÍA

O PAI SEICA ESTA NUNHA ASOCIACIÓN "PRO LIBERTAD DE ENSEÑANZA"



## OPINION

## A derradeira lección do mestre

ANTON COSTA RICO

Momentos denantes do reencontro de A PIZARRA cos lectores, unha série, mais ben escasa, de actos cívicos quixo facer memoria e rendir homenaxe a todos aqueles que hai cincuenta anos firmaron coas súas vidas as súas arelas decididas por facer desta terra, unha Terra ennoblecida e con horizonte de estrelas limpas e amencerse con sol.

Daquela todos os sectores sociais que daron marcados polos designios dunha brutal irracionalidade, que deixou tras de si un triste ronsel de esperanzas murchas. Hai un cento de nomes-símbolo de homes e mulleres de conduta honesta empedrando hoxe os camiños do futuro aberto, da xenerosidade e do amor solidario. Entre eles, dun xeito destacado, estiveron os profesores.

A ira derramada contra aqueles porteadores da luz da cultura, foi quen de deixar en penumbra os lugares onde tiña habitado a luz a mancheas. Profesores de universidade, de institutos e especialmente os mestres, como Castelaio soupo recoller para a historia, foron, así, vítimas polo seu empeño e responsabilidade educadora.

Ao rastrear os recordos que permanecen, por todas partes se nos ten falado do compromiso educador, do empeño no labor, da solidariedade coas xentes do común e da entrega aos nenos. Entre os abondosos testemuños, o último e accidental foi en Goián. Ali, un señor xa de certa idade indicábanos non ter palabras para falar daquel mestre que fora José Cortés, e coloquialmente decía "Sacou adiante a tódolos burros da parroquia". Despois do seu paseo, houbo xentes que

se apropiaron do pouco que tiña no cuarto de aluguer onde moraba. E así, a seguir. Expedientados, fusilados, paseados, exiliados, destituídos, trasladados e confinados.

Una historia amarga que todos ou a maioría temos decidido non repetir para non voltar as andadas. Temos decidido facer unha terra habitabel para todos, en democracia e con respecto ás diversas filosofías, valores e condutas.

Porén, elo non impide rendir homenaxe á xenerosidade. Polo contrario, estamos obrigados a elo por sensibilidade cívica e democrática.

Sen ánimo de citar nomes e lugares, permítase, sen embargo, que sendo escrita esta breve colaboración entre Vigo e o Sul, fagamos unha referencia a aqueles extraordinarios mestres de Vigo que foron Víctor Fraiz Villanueva e Apolinar Torres López, por quen Coia e o Areal endeviron máis cultos. Eles que se mergullaron, tamén, nas loitas polo traballo, o pan e a liberdade. Eles que foran despertadores das consciencias entre os mestres e entre a xente, eles que loitaron por unha escola repartidora de cultura e benestar para todos. Os mesmos que se convertiron en publicistas pedagóxicos nas páxinas de El Pueblo Gallego e de FARO DE VIGO, levando o ánimo das urxentes transformacións ao conxunto do profesorado galego, ao que, polo demais, cohocaron a formar a Federación Galega de Traballadores do Ensino... e impulsar a construción dunha escola para todos, renovada, e inserta no seu medio social e ao servizo do seu desenvolvemento

socio cultural.

Porén, non hai entre os mestres de hoxe memoria deles. "Sería fermoso que o colexio que o colexio público de Coia se chamara Colexio Víctor Fraiz Villanueva e retivera a súa memoria e exemplo educador". Fago, desde aquí, unha invitación ao cambio. A bon seguro, a Celso Emilio Ferreiro non lle importaría ver trasladada a vixianza da súa memoria, cálida para os vigueses, a outro dos bastantes colexios públicos aínda sen denominar en Vigo. E o mesmo val para Apolinar Torres. Será unha mañán fermosa aquela en que o nome de Apolinar prenda no muro e no espírito dalgún dos colexios de Vigo.

Gostaría, aínda, trager á memoria o nome de Antón Alonso Ríos, o home que potenciou a Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires, desde onde se fixo brilar a luz da cultura en Galicia, a través das moitas escolas fundadas polas sociedades de instrución. O mesmo que dirixiu en Tomiño as denominadas "Escuelas del Porvenir", como chamada permanente a un mender de civismo e cultura no agro. Causa mágoa ver hoxe destartelado aquel edificio escolar de traza tan noble e feliz composición, no medio de piñeiros e froles... como nun tempo debeu ter. Naquel edificio hai hoxe dúas aulas de preescolar maltratadas e entre silveiras ¿E isto labor educativo?, ¿trunfo, por desidia, o intento doutros noutro tempo de borrar o personaxe e a súa obra paridora de futuro?. Quero crer que non e rematar, xa, tamén cunha invitación á reparación, anque só fora como signo.

## TABOIRO

## Premios sobre actividades escolares relacionadas coa Constitución

A Presidencia do Congreso dos Diputados convoca os premios anuais sobre actividades escolares relacionadas coa Constitución, correspondentes ao 1986.

O obxecto deste convocatoria é premia-las actividades, dirixidas aos escolares e con participación dos mesmos, sobre información, difusión e coñecemento das características e valores do sistema constitucional español.

Poderán participar neste concurso tódolos Centros escolares públicos e privados de EXB, Bacharelato, e Educación Especial establecidos en toda España.

Haberá un primeiro premio dun millón de pesetas, un segundo de 750.000 pesetas e un terceiro de 500.000 pesetas. Os premios deberán ser destinados polos centros escolares e inversións de carácter permanente, salvo autorización expresa do congreso para outros obxectivos.

Os Centros que desexan participar deberán presentar instancia asinada polo seu director e dirixida ao presidente do Congreso dos Diputados donde, ademais dos datos de identificación do centro, se faga mención da obra u obras de carácter permanente ou do proxecto para o que solicita autorización, ao que o centro se compromete en caso de ser premiado.

A instancia se lle adxuntará unha memoria detallada (de non máis de cincuenta folios) sobre as actividades organizadas e, efectivamente realizadas no ano 1986, destinadas a promover o coñecemento do sistema constitucional español entre os seus alumnos. Deberá recollerse o número de alumnos participantes, a duración e frecuencia das actividades e cantos outros elementos permitan valoralo seu alcance. Adxuntárase tamén un resumen (non máis de cinco folios) das actividades, e unha descrición da obra, obras ou material cultural docente que pretendese adquirir co premio, no caso de seren beneficiarios.

A instancia e documentación deberán presentarse entre os días 17 e 21 de novembro, ambos os dous inclusive, no Rexistro da Secretaría Xeral do Congreso dos Diputados.

O fallo do concurso será dado a coñecer durante o mes de decembro. Maior información no BOE, núm. 136, 8 xuño de 1986.

## Sentencia sobre o dereito de consorte

Unha recente sentenza do Tribunal Supremo considera discriminatorio o dereito de consorte establecido no reglamento xeral de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración do Estado.

O articulado do reglamento favorecía aos funcionarios que tiveran concuges que traballaran na localidade solicitada polo concursante, primando o chamado dereito de consorte cunha valoración adicional de tres puntos, equivalente a trinta anos de servizo nos distintos corpos da Administración.


Lembremos que esta disposición, obxecto de recurso, non afectaba aos funcionarios docentes e investigadores, sanitarios, de servizos postais e de telecomunicacións, que non están afectados pola totalidade da lei 30384 de modificación da función pública. De tódolos xeitos o avogado recurrente suliñou que "a sentenza é moi positiva, porque clarifica os concursos de traslados e serve de forma indirecta para solucionar o exercicio do denominado dereito de consorte nos funcionarios docentes".

M.B.R.

## Recuperación de la literatura tradicional

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

LEYENDAS POPULARES ESPAÑOLAS. Edit. Labor. Col. Labor bolsillo juvenil. Ilustraciones Jordi Vives. 154 págs. Lectores a partir de 10 años.



La colección Labor Bolsillo Juvenil es una magnífica colección. De eso, nunca me cupo la menor duda. Con más de cincuenta títulos publicados fue concebida con amplios criterios culturales y no solamente literarios. Junto a temas de introducción a la ciencia, ala mitología, a juegos recreativos, o a los trabajos manuales nos podemos encontrar con poemas y canciones de grandes poetas españoles (Alberti, Lorca, Machado), con interesantes clásicos de la literatura (Hoffman, Tolstói o Grimm) con escritores contemporáneos tan fundamentales en la floreciente producción literaria española para niños, como Angela Ionescu o especialmente Joan M. Gisbert, uno de los innovadores más importantes de nuestra narrativa infantil-juvenil.

Pero lo que hoy mi comentario más profundo es ese buen número ya, de libros dedicados a la literatura de tradición

popular. Que en una colección infantil podamos encontrarnos con magníficas recopilaciones de cuentos y leyendas tradicionales de muy diversas partes del Estado español es digno del mayor aplauso. No hace mucho tiempo A.R. Almodóvar se lamentaba en la introducción de sus interesantísimos "Cuentos al amor de la lumbre" de que los cuentos populares eran la cenicienta de nuestra literatura. Añadía, además, que cualquier ciudadano medio francés, alemán o sueco disponía "de una edición manejable, y fiable, de los cuentos populares de su país". Y eso en España no sucedía. Su labor, en este aspecto, ha sido fundamental y desde hace algún tiempo el interés por las leyendas tradicionales ha aumentado sobremedera.

Pues bien, en la colección, de que me estoy acupando, han ido apareciendo de manera periódica una serie de libros, que recogen cuentos y leyendas populares catalanas, andaluzas, gallegas, asturianas, castellanas, vascas, navarras, junto a otros volúmenes dedicados a muestras tradicionales de lugares más alejados de nosotros como, el Japón, Rusia o Noruega, o más recientemente de las culturas de América.

Uno de los últimos títulos publicados

en Labor Bolsillo Juvenil es "Leyendas Populares Españolas", nueva recopilación de relatos de muy distintos lugares del país. Son narraciones de muy diversos tipos, que se extienden desde lo religioso hasta lo histórico pasando por motivos que tienen que ver con la naturaleza o la simple invención maravillosa. Leyendas atractivas por lo que tienen de expresión viva de un pueblo, nunca privadas de singular belleza y fragancia, que hacen disfrutar al que las lee. Quien se decida a hacerlo, podrá encontrarse en este volumen con La Gúestia (una procesión de almas en pena que sale por la noche, con luces y murmullos y toques de campanilla, versión asturiana, supongo, de "a Santa Compañía"), con "El caballero de Olmedo", apuesto galán como pocos, valiente y audaz en toda clase de juegos de armas (Castilla) o descubrir que aparte de los de Teruel, también en Las Palmas había dos amantes, León María y Fátima, capaces de llevar su amor prohibido hasta las últimas consecuencias.

Buena parte de la geografía española se ve representada en este atrayente libro, que aporta una visión muy interesante de la amplia muestra de buena literatura popular, hoy afortunadamente recuperada para disfrute de los lectores.

A curso novo



Tódolos martes suplemento de educación.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

